

A IDENTIDADE “GALEGOFALANTE TRADICIONAL”: O VALOR INDEXADOR DAS VARIABLES LINGÜÍSTICAS

ELISA FERNÁNDEZ REI¹ & ALBA AGUETE²

¹Universidade de Santiago de Compostela / ²Universidad de Salamanca

Convivimos a diario coa variación lingüística, de xeito que, en xeral, as e os falantes somos conscientes da súa existencia e son habituais os comentarios metalingüísticos sobre como falan as persoas dun ou doutro lugar (variación diatópica), sobre os comportamentos lingüísticos inadecuados en determinados contextos (variación diafásica), sobre como dicía a xente de antes e como di a de agora (variación diacrónica) etc. Pero ademais a variación ten un patente significado discursivo, que se manifesta tamén acotío. Estamos pensando, por exemplo, na súa función indexadora: “Identity relations emerge in interaction through several related indexical processes, including (...) the use of linguistic structures and systems that are ideologically associated with specific personas and groups” (Bucholtz & Hall 2005: 594). Así, usamos as variantes lingüísticas na interacción para marcar a nosa pertenza ou adscrición a un determinado grupo social e para incluír/excluír dun grupo dado as persoas coas que estamos a falar.

Esta investigación enmárcase nun proxecto máis amplo que ten por obxectivo coñecer que identidades lingüísticas emerxen na interacción (galegofalante, neofalante, falante tradicional...) e que variables lingüísticas utilizan os falantes para construír e negociar esas identidades. En concreto, nesta comunicación centrarémonos na categoría de “galegofalante tradicional” para intentarmos descubrir que variables fonéticas, gramaticais ou léxicas se utilizan para indexar esta identidade e que factores sociolingüísticos e sociodiscursivos condicionan o valor indexador que se lles outorgan.

Para realizar este traballo levamos a cabo un experimento perceptivo con FOLERPA (Fernández Rei et al. 2021), no que as xuízas e xuíces participantes escoitaban unhas frases breves pronunciadas por unha falante innovadora e por unha falante conservadora (Aguete 2020). As dúas falantes producían os mesmos enunciados, nos que se controlaba unha serie de variables lingüísticas (colocación do pronome, flexión verbal e escolla léxica), e as persoas que xulgaban debían responder á pregunta “Como de tradicional é o galego que usa?” usando unha escala numérica entre 1 (equivalente a “Nada tradicional”) e 5 (“Moi tradicional”). Analizamos as respostas de 100 persoas, que completaron ademais un cuestionario sociodemográfico e sociolingüístico.

Esperamos que os resultados deste experimento perceptivo mostren que: 1) a procedencia (rural ou urbana), a lingua inicial e a idade condicionan a percepción que temos dos e das falantes como máis ou menos tradicionais; e que 2) non todas as variables lingüísticas teñen o mesmo valor indexador, senón que as gramaticais indexan mellor a *tradicionalidade* ca o resto.

SIMPOSIO ILG 2023
CONTACTO DE LINGUAS: IDENTIDADES E IDEOLOXÍAS LINGÜÍSTICAS
28-30 de novembro
Salón de graos da Facultade de Filoloxía da USC

En definitiva, con esta investigación pretendemos contribuír ao estudo xeral da explicación do cambio lingüístico e afondar no coñecemento sobre a interacción entre as variables (fonéticas, morfosintácticas e léxicas) e as identidades lingüísticas en situacións de contacto de linguas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aguete Cajiao, Alba. 2020. *Vocalismo galego. Motivacións fonolóxicas do cambio*. Tese de Doutoramento. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Bucholtz, Mary & Kira Hall. 2005. Identity and interaction: a sociocultural linguistic approach. *Discourse Studies*, vol. 7 (4-5), 585-614.
- Fernández Rei, Elisa (coord.), Alba Agüete Cajiao, César Osorio Peláez & Jose A. Cutrín Garabal. 2021. *FOLERPA: Ferramenta On-Line para ExpeRimentación PerceptivA*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <https://ilg.usc.gal/folepa/>